



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Alonso Carrera, Jaime
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pou Saracho, Juan María
Vila Alonso, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Caballero Rúa, Armando
Fernández Suárez, Emilio Manuel
González Cerdeira, Xulio
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Gil Villanueva, José María
Hernández Martín, Primo

ESTUDANTES:

De los Bueis Mellado, Jorge
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Sánchez Gálvez, Estevo
Vázquez García, Antonio
Vázquez Vázquez, Diego

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Gil Villanueva, José María
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 12 de novembro de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **12 de novembro de 2012**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de outubro de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/2013.
4. Aprobación, se procede, da proposta da titulación de Grao en Enxeñaría Física e da remisión á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da *solicitud de informe previo de envío a verificación*, para a súa implantación no curso 2013/14.
5. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións dos graos en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social, Enxeñaría Informática e Bioloxía.
6. Aprobación, se procede, das propostas de programas de doutoramento a implantar no curso 2013-2014 (RD 99/2011).
7. Aprobación, se procede, das propostas de titulacións de máster (reorganización da oferta actual) para o curso 2013-2014.
8. Aprobación, se procede, de extinción de títulos de máster.
9. Aprobación, se procede, da proposta académica da primeira edición do título propio de Especialista en Biomateriais e Tecnoloxías Biomédicas.
10. Debate e aprobación, se procede, do I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012/2014).

11. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. Agustín Fernández Paz.
12. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Química Física da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. Julio Casado Linarejos.
13. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Acordo específico de colaboración entre o Instituto Nacional de Antropología e Historia (México) e a Universidade de Vigo, para levar a cabo o proxecto “*Centro de Estudios de Género, Sexualidad y Etnicidad*” con financiamento da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico de Celaya (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico de Celaya (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Sorocaba (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Monte Serrat (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Monte Serrat (Brasil) para o intercambio de estudantes.
15. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 19 de outubro de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor toma a palabra para, en primeiro lugar, felicitar aos profesores D. Alberto Gago e D. Xavier Labandeira, Director do Centro de investigación Economic for Energy, por organizar en Vigo a semana pasada a reunión do Grupo III do IPCC (Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático). A conferencia reuniu a 281 expertos de 56 países dos 5 continentes para traballar co obxectivo de revisar o borrador de informe sobre cambio climático que será presentado en abril de 2014. O reitor informa que a Universidade de Vigo, a través dos profesores D. Xavier Labandeira e D. Alberto Gago, impulsou a celebración deste evento en Vigo e participou na súa organización.

En relación á convocatoria de prazas de PDI, o reitor dá conta de que tras a reunión mantida cos representantes da Xunta de Galicia acordouse a saída a concurso e publicación no DOG de 11 prazas de contratado doutor xa en trámite; e actualmente estase negociando a saída a concurso de 7 novas prazas que están ocupadas interinamente. Engade que se intenta abrir un proceso de negociación cos responsables de Ministerio de Facenda para a posibilidade de convocar prazas de PDI funcionario no ano 2013.

Punto 3. Aprobación, se procede, da modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza facendo un resumo do estado da cuestión desde a publicación do Real decreto-lei 14/2012, de 20 abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. A vicerreitora sinala que entre as distintas medidas adoptadas se recolle a modificación do art. 68 da LOU, polo que se regula que a actividade docente a desenvolver polo persoal docente e investigador das universidades se graduará en atención á intensidade e excelencia da súa actividade investigadora, recoñecida de conformidade co Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.

A vicerreitora informa de que, publicado o Real decreto-lei, a nota aclaratoria enviada polo Ministerio de Educación no mes de xullo indica que o citado Real Decreto dota ás universidades dun instrumento para permitir a súa adaptación ás novas condicións, dentro das limitacións emanadas do artigo 23 da *Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2012*.

A continuación, expón que o Real decreto-lei é de obrigado cumprimento desde a súa publicación no BOE, ao que engade outras razóns que xustifican a súa necesaria implantación no presente curso académico. Entre os motivos citados, alude a:

- Necesidade de coherencia co disposto no art. 2 do Regulamento de profesorado, aprobado polo Claustro con data de 24 de xullo. No mesmo establécese que poderán existir criterios de intensificación de actividades do profesorado en tarefas investigadoras ou docentes, derivados da lexislación vixente e das normas que poida aprobar o Consello de Goberno.

- Existencia de solicitudes presentadas ante a súa vicerreitoría polo PDI, solicitando que se lles recoñeza a redución prevista no Decreto;

- A futura elaboración dunha normativa marco de dedicación docente do PDI;

- E fundamentalmente, para a defensa da carreira académica e dos plans de consolidación do PDI a tempo completo.

A vicerreitora destaca que a convocatoria de novas prazas está ligada ás autorizacións do Ministerio de Facenda ou á da Consellería de Facenda no caso dos contratados laborais. Para ese efecto, o cumprimento co disposto no Real decreto-lei, sobre dedicación docente, é un elemento importante na negociación de autorizacións que posibiliten a incorporación de persoal de novo ingreso; as devanditas autorizacións están estreitamente ligadas á demostración de que a dotación de novas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Seguidamente, a vicerreitora informa do proceso seguido para a implantación do Real decreto-lei. Recordamos que, tras manter no mes de xullo xuntanzas cos directores de departamento, o primeiro paso cara á implantación foi a decisión de non aumentar a carga docente do PDI no primeiro cuadrimestre, pero limitando a primeira renovación dos

contratos de profesores asociados ata o 21 de xaneiro de 2013, con independencia de que poida ser renovado ao longo do curso académico, como así acontecerá na maioría dos casos.

Sinala, que nun momento posterior, desde o equipo de goberno se propuxo un primeiro incremento da carga docente para o segundo cuadrimestre do curso académico 2012/2013, en función do número de sexenios recoñecidos ou do número de anos transcorridos desde o último período avaliado positivamente, ou na súa falta, desde a incorporación dunha praza con vinculación permanente na Universidade de Vigo.

A partir de varias xuntanzas da Mesa de PDI e da COAP, fixéronse estudos tendentes a suavizar o impacto neste curso da proposta inicialmente presentada. Na proposta que agora se presenta para o segundo cuatrimestre do curso 2012/13, o aumento de capacidade docente por intensificación docente redúcese nun 50% con respecto á proposta inicial. Así se establece un incremento de 20 horas como máximo no caso dos profesores con intensificación docente. Nos casos de intensificación investigadora (diminución de capacidade docente) mantense a proposta inicial (diminución de 40 horas)

Esta proposta permite diminuír o número de profesores afectados pola aplicación da nova normativa. Sinala, que os departamentos poden rebaixar a dedicación do contrato de profesores asociados para evitar a non renovación do contrato.

Apunta a que se fai precisa unha revisión global de toda a normativa de recoñecementos polas actividades que desenvolve o PDI.

En relación á proposta presentada, a vicerreitora informa que foi presentada ante a Mesa de PDI e aceptada pola CIG funcionarios, AGPTU e UXT, aínda que con certas matizacións.

Igualmente, que foi presentada na COAP de data 9 de novembro de 2012.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, quen dá lectura a un comunicado que recolle a posición dos comités de Empresa PDI Laboral de Ourense e Pontevedra (**Anexo I**). A continuación, engade que, en calidade de representante da UXT, solicita que se asuman as seguintes cláusulas (aceptadas pola COAP), relativas ao alcance da aplicación do Real decreto:

- Que a proposta só é válida para o segundo cuadrimestre do curso 2012/13 e, en ningún caso, senta precedente no tocante a cómputos, baremos ou principios.
- A análise das necesidades docentes farase departamento por departamento, tendo en conta a carga docente asignada e, no seu caso, as áreas de coñecemento existentes.
- De ser posible, e co fin de minimizar o número de non renovacións de contratos, os departamentos teñen a posibilidade de reorganizar a docencia:

- 1º). Reducindo a dedicación do profesorado asociado e/ou
- 2º). Facendo un uso menor de contratación por lista de agarda.

- Que se iniciará, no prazo máis breve posible, o proceso de negociación das normas de dedicación do profesorado para o curso 2013/2014.(vid. texto no **Anexo II**).

Intervén o Prof. Pablo Grande, para dicir que é consciente da necesidade de aplicar o Real decreto-lei e que esta segunda proposta mellora a anterior, pero que considera que non se pode facer unha aplicación lineal; que se deben contemplar medidas positivas para diminuír o desequilibrio existente entre os diferentes ámbitos científicos.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que o equipo de goberno incumpriu o procedemento; que variou unilateralmente o POD. Discrepa da aplicación do Decreto no segundo cuadrimestre, pois non lle parece indispensable. Para ese efecto, fai a reflexión sobre que pasaría se o goberno decidise sacar unha norma de desenvolvemento do Real decreto-lei incompatible co acordo que se vai adoptar. Recorda que se prometeu traer ao Consello de Goberno unha nova normativa sobre actividades do PDI; reitera a súa confianza en que o equipo de goberno cumpra con este reto.

Respecto dos profesores asociados, di que non lle cabe dúbida que son profesores atípicos e que, debido á extinción da licenciaturas no curso académico 2013/2014, se amortizarán máis contratos desta natureza. Pero que debería procederse a unha análise de cada caso particular, pois hai profesores que están facendo a súa carreira universitaria, e que non poden acceder a outra figura porque se pecharon as portas das contratacións.

Intervén a Prof. Elisa Alén para chamar a atención sobre as repercusións que a aplicación do Real decreto-lei ten sobre os horarios, e sobre o dereito dos estudantes a ter coñecemento do mesmo desde o inicio do curso académico.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para pedir que o axuste non afecte aos estudantes; que o cambio de profesores non implique que quede sen cubrir a docencia.

Intervén a Prof^a Mercedes Vila para dicir que está de acordo coas palabras de Estevo Sánchez; pero que a falta de cobertura da docencia ten que ver coa forma en que se convocan os concursos e demais prazas. Di que a aplicación do decreto pode redundar nun empeoramento da calidade docente. Que os membros do seu departamento están en contra, pois o reaxuste afecta a moitos profesores asociados; que hai que cumprir coa lei, pero tamén coas guías docentes e co compromiso da avaliación continúa en aulas moi poboadas de estudantes.

A vicerreitora dille que o Dpto. de Organización de Empresas e Mercadotecnia ten 100 profesores, aproximadamente. Precisa que se en termos de custo, pero ao valorar departamento por departamento débese facer unha adecuación a cada caso e que un departamento pode combinar a modificación da adicación do profesorado asociado coa non renovación de contratos.

Respecto da intervención do Prof. Jaime Cabeza, di que non pode aceptar que a alusión de que o equipo de goberno incumpre as normas e que é precisamente o Consello de Goberno quen agora debate sobre este tema.

Intervén o reitor para dicir que non pode ser obxecto de debate a obriga da aplicación dunha norma, en todo caso pódese debater o “como” se aplica; que o proceso de aplicación do Real decreto-lei iniciou a súa andaina no mes de xullo, data en que chegou á Universidade a circular que informaba do proceso de aplicación; sinala que é preciso facelo antes do final do actual exercicio económico. Expón, que a proposta que se trae a aprobación inclúe as suxestións e propostas de mellora recibidas nas mesas de negociación co PDI e na COAP; que nese sentido está amplamente negociado. Que a súa implantación, antes do peche do exercicio económico, daranos fortaleza institucional, e que a súa non aplicación pode ter consecuencias negativas no obxectivo da estabilización do PDI. Manifesta que o equipo de goberno está en contra dos recortes, pero que como máximo representante institucional da Universidade de Vigo debe velar por que a institución teña capacidade de acción.

Tamén aclara que na Universidade non se está despedindo a ninguén, nin se está contribuíndo ao incremento do desemprego, pois como establecen a LOU e os Estatutos no caso dos profesores asociados, son profesionais de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario; que a duración do seu contrato, que pode ser trimestral, semestral ou anual, queda condicionada a que sigan acreditando o exercicio de actividade profesional fóra do ámbito universitario. Di que a seguinte fase é a elaboración da normativa que teña en conta as tarefas desenvolvidas polo profesorado, xa que a elaboración da normativa sufriu un atraso debido á non entrada en vigor do borrador do Estatuto do PDI.

Procédese á votación:

Votos a favor: 25

Votos en contra: 8

Abstencións: 8

Apróbase por maioría a normativa de modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/2013 (**Anexo III**).

Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta da titulación de Grao en Enxeñaría Física e da remisión á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da *solicitud de informe previo de envío a verificación*, para a súa implantación no curso 2013/14.

En cumprimento do art. 2.5 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno están invitados polo reitor os profesores Claudio Cerdeiriña e Jacobo Troncoso.

Antes de dar comezo a exposición do punto, pide a palabra o Prof. Claudio Cerdeiriña solicitando unha cuestión de orde: que en aplicación do art. 12.2 do citado Regulamento, o reitor proceda a fixar a duración de cada intervención.

Responde o reitor que o mesmo artigo lle atribúe en exclusiva a competencia de ordenar e dirixir os debates, e que, dado que aínda non hai pedimentos de palabra, non considera necesario restrinxir os tempos de intervención.

A continuación cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen dá comezo á súa intervención expoñend● os seguintes antecedentes:

1º. Comeza referíndose ao fallo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 15 de febreiro de 2012, pola que se estima o recurso de apelación interposto polo Prof. Claudio Cerdeiriña e outros profesores fronte á sentenza, de data de 14 de setembro de 2010, ditada polo Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 de Vigo. O fallo da sentenza do TSXG di literalmente: *que se estima el recurso contencioso administrativo interpuesto frente al acuerdo de Consello de Goberno de la Universidad de Vigo de 20 de abril de 2009 sobre encomienda a la Xunta de Facultad de Ciencias que proponga un plan de estudios para "1 título de transformación de la licenciatura de física"; estimar el recurso contencioso administrativo interpuesto frente al Acuerdo del rector de la Universidad de Vigo de 2 de octubre de 2009 por el que se desestimó el recurso de alzada contra el acuerdo de la Xunta de Ciencias de Facultad de Ciencias de Ourense en sesión de 23 de junio de 2009. Declara la invalidez de ambos a acuerdos.*

2º. Dá conta do acordo adoptado en relación co punto 9 do Consello de Goberno, de 23 de abril de 2012, polo que se procede á execución da sentenza do TSXG, de 29 de febreiro de 2012. O Consello de Goberno da Universidade de Vigo tras ser informado do contido do fallo aproba por asentimento: *encomendar á Xunta de Titulación de Física a elaboración do Plan de Estudos para "1 Título transformación da licenciatura de Físicas", seguindo o procedemento regulado polas Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a Estrutura e Organización de Estudos de Grao. A vicerreitora recorda que tras a notificación do acordo aos interesados procedeuse á constitución da Xunta de Titulación de Física, á que se lle trasladou o encargo.*

3º. Dá conta do acordo adoptado en relación ao punto 10 da orde do día do Consello de Goberno, de 19 de xullo, polo que se informa das Instrucións sobre o documento da Consellería de Educación, relativo á aplicación da regulación contida no Decreto 222/2011, de 2 de decembro, e na Orde de 20 de marzo de 2012, sobre ensinanzas universitarias oficiais no SUG. A vicerreitora de Organización académica, Profesorado e Titulacións recorda que as instrucións fixaban un prazo para presentar solicitudes de implantación de novas titulacións, ata o 14 de novembro (Calendario). Que con apoio en ditas instrucións, respecto da posible implantación de graos, o Consello de Goberno acordou aprobar por asentimento que:

1. Como norma xeral non se implantarán novas titulacións de grao no curso 2013/2014.

2. Excepcionalmente, as posibles declaracións de interese sobre propostas de títulos de grao que xurdan dunha fusión ou reorganización da actual oferta de títulos de grao ou contribúan ao equilibrio territorial, deberán ser aprobadas nunha xunta de centro ou de titulación e remitirse a Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións antes do día 12 de xullo de 2012. Na declaración de interese debe figurar a seguinte información: Denominación do título; Necesidade,

interese, obxectivos e viabilidade da proposta; Centro de impartición; e departamentos que poderían participar na docencia.

4°. Dá conta do acordo adoptado en relación ao punto 7 do Consello de Goberno, de 20 de xullo de 2012, polo que se outorga o informe favorable á declaración de interese sobre a proposta dun novo título de Grao en Enxeñaría Física. A vicerreitora sinala que en coherencia co citado informe, a Xunta de Titulación de Física comezou a traballar na elaboración do correspondente plan de estudos e memoria, para a continuación proceder por parte dos órganos correspondentes a analizar a súa viabilidade.

5°. Dá conta do proceso de elaboración da memoria e plan de estudos do novo título de Grao en Enxeñaría Física por parte da Xunta de Titulación. Felicita aos redactores polo traballo realizado. Di que tras a aprobación pola Xunta de Titulación, abriuse a toda a comunidade universitaria un prazo de exposición pública e de presentación de alegacións. A continuación elaborouse a memoria definitiva.

Di que na memoria se indica que o centro responsable do título é a Facultade de Ciencias de Ourense, e que os recursos materiais cos que vai contar o título, así como as aulas e laboratorios onde vai desenvolverse a docencia, son os da Facultade de Ciencias.

Entendendo que unha cousa é a elaboración do plan de estudos e outra é a viabilidade da implantación (extremo que é preciso incluír na memoria económica, relativa a recursos dispoñibles, que hai que remitir á Xunta). Foi solicitado ao centro responsable, a Facultade de Ciencias, un informe sobre a proposta. A vicerreitora xustificou esta consulta en atención ao disposto no art. 6.4 das Directrices e na restante normativa vixente pois, tanto o Decreto 222/2011, de 2 de decembro, como a Orde de 20 de marzo de 2012 que a desenvolve, existen unha xustificación da viabilidade económica na implantación de novos títulos.

6°. Dá conta do informe aprobado na Xunta de Facultade de Ciencias, sobre a proposta do título de Grao en Enxeñaría Física, de 7 de novembro. Sinala, que unha copia do informe se puxo a disposición dos membros á entrada do Consello de Goberno. Di que o informe, entre outras consideracións, respecto dos recursos expón que *para a implantación da titulación se require un maior espazo incluída a súa dotación material* e que o informe conclúe que *recoñecendo o interese que ten a titulación para a Universidade de Vigo e o Campus de Ourense, considera que o Grao de Enxeñaría Física non encaixaría dentro da Facultade de Ciencias*. Así pois, o informe solicitado ao centro é desfavorable.

En vista do exposto a vicerreitora informa, que reunida a COAP, con data de 9 de novembro, entende que na actualidade non estaría en condicións de enviarse á Consellería o expediente completo para a solicitude de informe previo de envío á verificación, para a súa implantación no curso 2013/14 nos termos fixados na normativa autonómica (Decreto 222/2011), xa que, un dos documentos a enviar é a xustificación da viabilidade económica, que inclúe unha análise das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta.

Di que a COAP considera, dende un punto de vista procedimental, tendo en conta o informe desfavorable do centro de adscrición, que a proposta non está en condicións de continuar a súa tramitación para ser remitida á Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria, con vistas a súa implantación no curso 2013/14. A COAP considera, ademais, que é necesario realizar un estudo detallado da proposta no contexto da situación das titulacións actualmente ofertadas na Facultade de Ciencias de Ourense.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O reitor concede a palabra ao Prof. Claudio Cerdeiriña.

Di, que coa elaboración dun título de transformación do título da Licenciatura en Física, estase dando cumprimento a unha sentenza que anulou os acordos do Consello de Goberno e da Xunta de Facultade de Ciencias; que nas Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a Estrutura e Organización de Estudos de Grao, non aparece recollido que se requira o informe da Xunta da Facultade de Ciencias. Na súa opinión, o proceso de implantación só esixe a intervención da COAP, do Consello Social e Consello de Goberno; por canto dixo, non comparte que se aprobe un procedemento que inclúa a intervención da Xunta de Centro. Que considera razoable que se requira e pidan opinións ao Centro, pero non comparte que de facto terminen sendo vinculantes; pois, en base a ese informe, posponse o envío da proposta do título de Grao en Enxeñaría Física á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Engade, que non pode entender que unha Facultade de Ciencias rexeite unha titulación que xa vén impartindo no seu centro, e que a proposta que se fai é unha titulación única, no mapa universitario español, e competitiva; engade, que tampouco entende os intereses que defende o equipo de goberno; e pregunta, se gardan relación coas declaracións do reitor da USC e se hai un acordo para que non se imparta a titulación de Física na UVIGO. Continúa dicindo que a execución da sentenza está sometida ao cumprimento das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao; que no procedemento que alí se recolle, faise referencia á intervención do Consello Social, en canto representante dos intereses da sociedade, e que dito informe non foi presentado antes do Consello de Goberno. Lamenta que a elaboración dun título, que foi ordenado en cumprimento dunha sentenza xudicial, poida desembocar noutro procedemento xudicial.

Intervén a vicerreitora para dicir que a sentenza comezou a ser executada desde que se constituíu a Xunta de Titulación, co encargo de elaboración da proposta de transformación do título, e o que se está discutindo é a súa viabilidade económica, como esixe a normativa vixente; que é preciso escoitar ao órgano representativo dese centro (Xunta de Facultade de Ciencias), pois é onde se pretende asentar a futura titulación. Que as únicas consecuencias que se derivan, polo momento, son o retraso do seu envío á Consellería; que se debe iniciar un estudo sobre o estado da actual oferta académica da Facultade de Ciencias. Nesta fase, se o centro considera desfavorable a súa implantación, é preciso abrir novas canles de diálogo.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para felicitar a boa vontade demostrada ao executar a sentenza. Continúa dicindo que a Xunta da Facultade de Ciencias apoiará a implantación do Grao en Enxeñaría Física onde se poida implantar; que, no seu informe se conteñen determinados aspectos, tales como que na memoria se propón unha organización diferente á existente para os graos actuais. Que, na elaboración da memoria do novo grao non participou o decano da Facultade de Ciencias, e que nin sequera fora consultado.

Intervén o Prof. Claudio Cerdeiriña para dicir que o informe aprobado é absolutamente ridículo; que varios profesores de Física enviaron á vicerreitora un informe que contradí a aquel; sinala que se entregou por rexistro, e nel se recollen as críticas ao sistema de convalidacións realizado pola Comisión Permanente da Facultade de Ciencias, por canto descoñece a normativa de xestión académica da Universidade de Vigo. O reitor chama á orde ao Prof. Claudio Cerdeiriña; dille que se axuste ao tema do punto da orde do día; que non comparte os termos en que se está a expresar e que retire as súas palabras. O Prof. Claudio Cerdeiriña respóndelle que non as retira, e que quere que consten en acta os exactos termos nos que se expresa. O reitor dille que se non ás retira, verase obrigado a chamalo á orde e pedir que abandone a sala. O profesor invitado insiste nas súas protestas. O reitor, en uso do artigo 12.3 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, chámalle á orde por segunda vez para que se axuste ao punto da orde día e retire as súas palabras. Ante a reiterada negativa do profesor ordénalle que abandone a sede onde se celebra o Consello de Goberno. O Prof. Claudio Cerdeiriña procede a abandonar a sala.

Intervén o reitor para dicir que a memoria presentada non ten as informacións económicas para a súa viabilidade no ano académico 2013/14; a Facultade de Ciencias debe ter os medios humanos e materiais para a súa necesaria implantación. Que é preciso iniciar un diálogo coa Facultade de Ciencias ou analizar se é posible implantalo noutro centro. Destaca que o expediente non está completo, pois, segundo a normativa autonómica vixente, con anterioridade á solicitude de informe previo, na verificación do plan de estudos débense ter claros tres aspectos: viabilidade económica atendendo aos recursos dispoñibles, viabilidade académica e demanda social; polo que non é posible a remisión á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a solicitude de informe previo de envío á verificación para a súa implantación no curso 2013/14.

A proposta da vicerreitora ao Consello de Goberno é que se tome o seguinte acordo:

- Que, de acordo co establecido na Orde de 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, é preceptivo enviar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, entre outros documentos, a xustificación da viabilidade económica que inclúa unha análise das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens, para a implantación da titulación proposta. A Facultade de Ciencias de Ourense, centro de adscrición da titulación proposta, a cal necesitaría utilizar as infraestruturas do mesmo (aulas, laboratorios, etc), emitiu informe desfavorable sobre a impartición da titulación nesa Facultade.

- Que, a falta de informe favorable do centro de adscrición, impide completar o expediente para a solicitude de informe previo de envío á verificación, para a súa implantación no curso 2013/14 nos termos fixados na normativa autonómica (Decreto 222/2011).

- Que, por todo o anterior, o Consello de Goberno considera que a proposta non está en condicións de continuar a súa tramitación para ser remitida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e acorda non emitir o informe establecido no artigo 9 do Decreto 222/2011, para a súa implantación no curso

2013/14. O Consello de Goberno considera, ademais, que é necesario realizar un estudo detallado da proposta, no contexto da situación das titulacións actualmente ofertadas na Facultade de Ciencias de Ourense.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, das propostas de modificacións dos graos en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social, Enxeñaría Informática e Bioloxía.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen dá conta das modificacións. Manifesta que a COAP informou favorablemente sobre as propostas de modificacións nos graos en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social, Enxeñaría Informática e Bioloxía.

No referente aos cursos de adaptación (cursos ponte) nos graos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social e Traballo Social, onde a proposta inicial é de 20 prazas por título, a COAP propón matizar que sexa dun máximo de 20 prazas por título en cada curso académico.

Apróbanse por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, das propostas de programas de doutoramento a implantar no curso 2013-2014 (RD 99/2011).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que, en base ao estipulado no Decreto 99/2011, se fixo preciso que os programas de doutoramento para o vindeiro curso académico se reorganicen en base ao disposto naquela normativa, que é máis esixente en orde aos recursos humanos; que, tras a súa aprobación polo Consello Social, serán reenviados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; que o prazo límite de envío é o 14 de novembro. Trátase de 33 programas de doutoramento; sinala, que entre os novos títulos se recollen os coordinados pola Universidade de Vigo, os coordinados conxuntamente pola UVIGO, USC e UDC e outros que o son con universidades ou institucións de fóra do sistema universitario galego.

Apróbase por asentimento a proposta de programas de doutoramento para implantar no curso académico 2013/14, recollida no **Anexo IV**.

Punto 7. Aprobación, se procede, das propostas de titulacións de máster (reorganización da oferta actual) para o curso 2013-2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen dá conta do proceso de reorganización da oferta de másters. Solicita a aprobación para enviar ao Consello Social e despois á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a solicitude do informe previo á verificación. Dá conta dalgúns aspectos da reorganización das propostas que se relacionan no **Anexo V**.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, de extinción de títulos de máster.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, e Profesorado e Titulacións, quen di que son dous os motivos para propor a extinción dos másteres que figuran no **Anexo VI**. Pode ser a iniciativa do propio centro, debido á reorganización da oferta de títulos, ou por non cumprir os requisitos da normativa autonómica sobre o número mínimo de alumnos. Sinala, que hai dous títulos que están en suspenso e que desde fai dous anos non se imparten, polo que, se non se imparten en dous anos, hai que proceder a iniciar o proceso de extinción e dalos de baixa no Rexistro Central de Títulos.

O Prof. Enrique Barreiro di que na documentación achegada figura a extinción do Máster Universitario en Consultoría de Software Libre, pero que xa foi solicitada polo seu centro o ano pasado.

Responde a vicerreitora que a solicitude estaba sen tramitar polo Consello de Goberno, por iso se solicita nesta sesión a súa extinción.

Apróbase por asentimento a extinción de títulos de máster que figuran no **Anexo VI**.

Punto 9. Aprobación, se procede, da proposta académica da primeira edición do título propio de Especialista en Biomateriais e Tecnoloxías Biomédicas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen di que a proposta académica da que se solicita aprobación provén da Escola de Enxeñaría Industrial. Que conta con todos os informes técnicos favorables: contabilidade, control interno e sección de títulos. Que foi informada favorablemente pola COAP, na súa sesión do 9 de novembro. Que, sendo a aprobación de taxas competencia do Consello Social, solicita con carácter previo ao seu envío a aprobación da proposta polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Debate e aprobación, se procede, do I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012/2014).

O reitor toma a palabra para presentar o I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo. Dá lectura ao texto que se recolle no **Anexo VII**.

Tras a súa lectura, o reitor subliña que o compromiso coa igualdade de xénero débese ampliar a todas aquelas institucións e empresas coas que a Universidade mantén relacións institucionais.

Remata felicitando á directora da Unidade de Igualdade e á Comisión de Igualdade polo seu traballo.

Apróbase por asentimento o I Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo, recollido non **Anexo VIII**.

Punto 11. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. Agustín Fernández Paz.

O reitor expón que o art. 1 da Normativa para a concesión do título de doutor/a honoris causa establece que: *se poderá adxudicar o grao de Doutor Honoris Causa a persoas que destaquen non eido da investigación e da docencia, no cultivo das Artes e das Letras ou ben naquelas actividades con repercusión notoria dende o punto de vista tecnolóxico e social de Galicia e do mundo en xeral.*

Continúa dicindo que o punto 2 da normativa establece que: *a proposta para a concesión do grao pode ser realizada por un ou varios departamentos dos existentes na Universidade de Vigo, sempre que o Consello de Departamento acade o informe favorable da metade máis un dos seus membros e consiga o aval, polo menos, de 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento do que se trate.*

E que o art. 4 establece, que a proposta, previo informe favorable do centro ou centros correspondentes, será elevada ao Consello de Goberno para súa aprobación, se procede, por unha maioría cualificada dos 3/5 dos presentes.

A continuación, cede a palabra ao director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina, Prof. Dr. D. Burghard Baltrusch, quen di que se cumpriron todos os requisitos que establece a normativa, e que todos os membros do Consello de Goberno teñen a documentación, o currículo do candidato e a memoria razoada que fundamentan os méritos do candidato; tamén as adhesións necesarias dos departamentos do ámbito humanístico e os informes favorables das seguintes xuntas de facultade: Fac. Filoloxía e Tradución, Fac. de Historia de Ourense e Fac. de Belas Artes de Pontevedra.

O profesor Burghard Baltrusch di que a concesión do doutorado Honoris Causa a Agustín Fernández Paz non é só o recoñecemento dunha traxectoria inmensa no eido da creación literaria, senón tamén o recoñecemento dun dos grandes divulgadores de Galicia no mundo enteiro.

A continuación, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, o Prof. Xosé Henrique Costas, quen di que non é menos importante sinalar que Agustín Fernández Paz é autor ou coautor de medio cento de ensaios sobre didáctica, pedagogía, literatura, lingua galega e sociolingüística. É un gran ensaísta, ademais de magnífico escritor. A literatura galega está hoxe a internacionalizarse e a ser coñecida e recoñecida fóra; é fundamentalmente pola alta calidade da nosa literatura infanto-xuvenil e da nosa poesía, do mellor que se fai en Europa, segundo os expertos. Nesta liña, sinala tamén que Agustín é quizabes o máis internacional dos nosos autores de literatura infanto-xuvenil, pois foi traducido con profusión a unha ducia de linguas, e figura entre os mellores autores mundiais do século XX da literatura para a infancia e a mocidade. A aposta pola internacionalización das nosas letras ten por referente a Agustín Fernández Paz.

Polo dito anteriormente, solicitouse ao Consello de Goberno a aprobación da concesión do doutorado Honoris Causa a Agustín Fernández Paz.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Química Física da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. Julio Casado Linarejos.

O reitor cede a palabra ao director do Departamento de Química Física, Prof. Dr. Pablo Hervés Veloso, quen comeza a súa exposición dicindo que o Departamento de Química Física, no Consello de 28 de setembro, acordou solicitar a concesión do título de Doutor Honoris causa para o Prof. Julio Casado Linarejos, catedrático de Química Física da Universidade de Salamanca. Que se cumpriron todos os requisitos que establece a normativa, e que todos os membros do Consello de Goberno teñen a documentación, o currículo do candidato e a memoria razoada que fundamenta os méritos do candidato; tamén os avais e adhesións necesarias dos distintos departamentos do ámbito científico, e os informes favorables das seguintes xuntas de facultade: Fac. de Ciencias do Mar, Fac. de Ciencias de Ourense e Fac. de Bioloxía.

O Prof. Pablo Hervés fixo unha exposición razoada do currículo e méritos do candidato proposto, destacando os grandes logros acadados polo Prof. Julio Casado Linarejos ao longo da súa dilatada traxectoria profesional. Fixo referencia á publicación de máis de cento cincuenta artigos, moitos deles publicados en revistas internacionais de primeiro impacto; di que foi director de máis de trinta teses de doutoramento, así como investigador principal en 17 proxectos de investigación nacionais e internacionais.

O Prof. Pablo Hervés destacou especialmente, que o Prof. Julio Casado contribuíu enormemente á creación e consolidación dunha escola de investigadores de alto nivel en Galicia, que se mantén moi activa na actualidade.

Rematou a súa intervención solicitando ao Consello de Goberno a aprobación da concesión do doutorado Honoris Causa ao Prof. Julio Casado Linarejos.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Química Analítica e Alimentaria.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que, de acordo coa información achegada, foi aprobado polo Consello de Departamento de Química Analítica e Alimentaria; que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que, non habendo ningún impedimento legal, se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento que figura no **Anexo IX**.

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Acordo específico de colaboración entre o Instituto Nacional de Antropología e Historia (México) e a Universidade de Vigo, para levar a cabo o proxecto “*Centro de Estudios de Género, Sexualidad y Etnicidad*” con financiamento da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico de Celaya (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico de Celaya (México) para o

intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Sorocaba (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Monte Serrat (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Monte Serrat (Brasil) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar:

1º. Por qué non se cumpriu en todos os másteres investigadores, ofertados para o curso académico 2013/2014, co número mínimo de alumnos de novo ingreso marcado pola normativa da Xunta de Galicia. Di, que o 5 de setembro a Comisión de Posgrao informou que os másteres cun número inferior a 10 serían suspendidos, pero que ten noticia que hai dous que están funcionando con 5 alumnos e outros con 8 alumnos.

2º. Sobre as vantaxes que se derivan do proceso de externalización das enquisas de valoración docente. Manifesta que os bolseiros viñan desempeñando moi ben a tarefa de realización de enquisas.

A continuación, o Prof. Armando Caballero pide que se recollan dous rogos:

1º. Que se reconsidere o modelo de calendario académico para o curso 2013/2014. Traslada as protestas de alumnos e profesores da Facultade de Bioloxía.

2º. Que se reduza o atraso na resolución das axudas de investigación. Opina que o problema de fondo é que a vicerreitora de Investigación está desbordada de traballo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen procede a contestar a primeira pregunta. Di que, en relación aos másteres, e de acordo co calendario, houbo un primeiro prazo de matrícula en xullo, un segundo prazo en setembro e que se abriu, nalgúns casos, un terceiro prazo. Aqueles másteres que a principio de setembro tiñan un número de preinscricións (non de matriculados) menor do 80 % das prazas, non puideron continuar, de acordo cos criterios establecidos. O resto dos másteres tiñan estudantes preinscritos suficientes, polo que se consultou coa Xunta de Galicia, que autorizou a impartición en casos excepcionais.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para responder ás valoracións sobre o calendario académico. Dille que na Secretaría Xeral tense noticia dalgunha reclamación e que se procedeu a contestar persoalmente. Que aínda é pronto para facer unha valoración global sobre a eficacia do calendario, pero que, do mesmo xeito que o ano anterior, antes da

súa aprobación no Consello de Goberno, a proposta será consultada cos equipos directivos dos centros dos tres campus e cos representantes de alumnos para escoitar as súas suxestións.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen manifesta que xa se tratou esta cuestión nun anterior Consello de Goberno; que el persoalmente ten unha percepción diferente á que expón o Prof. Armando Caballero sobre a eficacia do actual sistema, e que o novo procedemento podería ser máis eficaz. Que a motivación non foi económica, senón a imposibilidade legal de continuar co procedemento de bolsas aos estudantes pola realización das enquisas.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de investigación, quen di en primeiro lugar, que lamenta o atraso debido á vinculación entre os criterios de avaliación das axudas de investigación e a produción de investigación 2009-2010, en proceso de valoración; que se tomaron medidas para poder resolver de modo inmediato a maioría das axudas de investigación pendentes; e que en convocatorias futuras terase en conta o ocorrido este ano, e deseñaranse os procedementos para que as axudas de investigación poidan ser resoltas coa maior celeridade posible.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro, para dicir que lamenta que non se poida manter o traballo dos bolseiros mediante o sistema de bolsas para realizar as enquisas de valoración docente. Engade, que espera que a nova empresa desenvolva esa actividade coa mesma eficacia que ata agora demostraron os bolseiros; e que aumentou a carga de traballo dos centros ao ter que realizar a programación da realización das enquisas, cando antes se poñían directamente de acordo bolseiros e profesores. Ao fío desta reflexión, pregunta se co novo sistema está garantida a protección de datos.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade, quen di que ata o momento, polo que el coñece, os equipos de goberno dos centros xa adoitaban implicarse directamente na programación das enquisas e a realización do calendario no que se ían a basear; que se poderían estudar outros xeitos de realizar a planificación, pero que a empresa contratada necesita coñecer con antelación á programación e o número de persoas que participarán no proceso para a súa propia organización; polo que non parece adecuado que sexa o propio persoal que realizará as enquisas o que se poña en contacto co profesorado para determinar cando se realizará cada unha delas. Respecto da protección da confidencialidade, responde que está asegurada co contrato que asina a empresa, tal vez con máis eficacia que polos bolseiros.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para preguntar sobre o estado do abono do os complementos de excelencia curricular e os sexenios.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que existe un compromiso verbal por parte da Secretaría da Xunta de Galicia para abonar os sexenios e os complementos autonómicos pendentes de pago, e que, de momento, a Xunta de Galicia aínda non lle fixo chegar o diñeiro correspondente á partida de complementos; que está pactada no Plan de financiamento entre a Xunta e as tres universidades de Galicia. Di que a Secretaría Xeral de Universidades convocou unha reunión para o día 6 de setembro aos vicerreitores de economía das tres universidades galegas. Nesta reunión púxose de manifesto

a discrepancia entre as cifras presentadas pola Secretaría Xeral e as cifras que as tres universidades do SUG consideran que se debe abonar.

Intervén o Sr. Carlos Mollinedo, pide que conste en acta a seguinte intervención: *No seu programa electoral recórdanos que os recursos humanos son prioritarios para o modelo de Universidade que preside, e daríalle prioridade ó diálogo social, diálogo que está en espera dende fai máis de medio ano, tamén é sabido que dende ese tempo as cousas mudaron para peor, con consecuencias negativas para os traballadores; polo que é necesario saber o compromiso de vostede para traballar no estudo do proceso de funcionarización dos grupos profesionais do PAS laboral, e determinar a carreira administrativa de xeito que cada traballador teña as súas vías de promoción, xa que nos orzamentos de este ano, que xa estamos a pique de rematar estaba prevista. A súa resposta espero convertela en rogo.*

Engade que está interesado en saber por este bucle no que se está a converter a Facultade de Belas Artes e a Escola de Restauración, e cal é o interese da Universidade en todo o argallado ó redor deste.

Responde o reitor que o diálogo social está enriba da mesa e que se procederá a activar as mesas de negociación todo o posible para fortalecer o emprego dos traballadores na institución.

Respecto da pregunta sobre a relación da Escola de Restauración coa Facultade de Belas Artes, cédelle a palabra á vicerreitora do Campus de Pontevedra, quen di que neste momento estase elaborando un convenio coa Consellería de Educación para a colaboración no uso de espazos por parte da Escola de Restauración na Facultade de Belas Artes. A Consellería de Educación é a que ten nas súas mans o convenio; que se está á espera de contestación.

Intervén o Sr. Xan Cebro facendo os seguintes rogos e preguntas:

1º. Solicita que se inclúa na resolución xerencial das incapacidades laborais ao persoal contratado en proxectos de investigación. Di que, en canto á supresión da paga extra do Nadal, no Real decreto-ley 20/2012 aparece recollida unha excepción, no sentido de que non se aplicará aquela supresión ao persoal da administración que cobre menos do 1'5 do salario mínimo interprofesional. Di que lle consta que a Universidade de Vigo descontoulle a devandita paga ao persoal en proxectos de investigación que non cobra esas cantidades. Pregunta polo número de persoas da Universidade afectadas.

2º. Respecto as promocións internas do PAS funcionario: di que con data de 20 de xaneiro de 2009, foi publicado no DOG a promoción interna do grupo A2 ao A1; que as listas de admitidos foron publicadas o día 5 de marzo de 2009; e que despois de case 4 anos está paralizada a promoción interna. Pregunta polo motivo da paralización, pois están pendentes as promocións internas asinadas entre a Xunta de Persoal e o Xerente dos seguintes grupos: C2 ao C1; do C1 ao A2; do A2 ao A1; así como as promocións da área de biblioteca.

3º: Respecto da sentenza do xulgado do contencioso administrativo de 31 de outubro de 2012, polo que se estima o recuso da CIG contra a resolución provisional da secretaria do Departamento X-14 de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Di que avisaron do que ía ocorrer, que hai sentenzas do 2004, Tribunal Superior de Xustiza, no que fai referencia a ese departamento. Que pediron negociar unha solución para a xestión dese departamento antes de acudir aos tribunais de xustiza. Solicita que se negocie unha solución.

4º. Que se aclare se existe incompatibilidade por parte do xerente pola súa participación como docente nun máster oficial.

5º. Respecto ás pagas extras, di que a Xunta de Persoal aprobou un documento para que se adiantara as pagas do 2013 ao 2015. Pide que se escoiten os argumentos do PAS sobre as pagas extras.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen procede a contestar cada unha das cuestións.

Respecto da primeira pregunta, di que na mesa de negociación sindical non se falou do persoal de investigación, pero que este persoal -ten contrato laboral- esta incluído no seu ámbito de aplicación. Que reconece que se cometeron algúns erros que afectaron a un número limitado de persoas, pero que foron detectados e corrixidos de oficio polo Servizo de Retribucións. En relación ás promocións internas, informa que aínda non hai tribunal, que faltan algúns membros por nomear. Que lle consta que o vicerreitor de Persoal pediulle colaboración para buscar os membros restantes; pero que neste momento están paralizadas as promocións. En relación á terceira pregunta, responde que confía nos informes dos servizos e da Asesoría Xurídica, e que a sentenza non é firme.

O xerente responde en último lugar á pregunta sobre a posible incompatibilidade. Di que o sucedido considérase un ataque persoal; que se existe algunha dúbida, debe consultarse internamente e nos foros dispoñibles, e non ir directamente aos medios de comunicación; que con semellante proceder se está danando a imaxe da institución. Que, como xerente da institución, antes de facer nada, fai as consultas precisas para garantir o seu bo proceder, ata tratándose, como é o caso, dunha colaboración puntual e desinteresada.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para responder as cuestións sobre as pagas extras. O vicerreitor responde que, tal como adiantou no seu día, o equipo de goberno non ten ningún inconveniente en reunirse e escoitar os argumentos do Sr. Xan Cebro.

Intervén o Sr. Federico Fernández coa achega que se recolle na acta como **Anexo X**.

Responde o xerente que se lles comunicou a semana pasada a solicitude de negociación do convenio colectivo e reorganización da RPT; e que en breve se retomarán os procesos de negociación, cara a acadar os acordos precisos.

Intervén o Prof. Juan Pou para expoñer as dificultades que xera na organización do centro a incorporación dos alumnos no mes de outubro, debido a que superaron o selectivo en setembro. Di, que son 90 alumnos e que xorden problemas para cumprir co sistema de avaliación continua e co propio calendario académico. Pregunta, que dereitos lles asisten aos

alumnos e se se podería solicitar unha redución porcentual do importe de matrícula. Roga ao equipo de goberno, que inicie negociacións co novo conselleiro de Educación para que se resolva o problema da tardía incorporación.

Intervén o Prof. Armando Caballero, quen tamén solicita un calendario máis flexible para o curso académico 2013/2014, pois hai queixas dos alumnos de grao.

Responde o reitor que se está en proceso de deseñar un novo modelo de bacharelato, que tal vez contribúa a eliminar ou reducir os inconvenientes derivados da realización do selectivo en setembro. Que os importes de matrícula son prezos públicos, que non dependen da competencia das universidades. No entanto, que pedirá ao goberno autonómico colaboración para que se axilice a resolución do problema.

Intervén o Sr. Antonio Vázquez, en representación dos alumnos, para queixarse polo cobro do 20% pola falta de pagamento en prazo da matrícula; considéao desproporcionado. Di que traslada ao Consello de Goberno a opinión dos alumnos sobre que a penalización non só é excesiva, senón que non está suficientemente publicitada no enlace web posto para a matrícula, a pesar de que ese é o lugar onde se remite aos interesados para formalizar a matrícula.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que estudará as cuestións técnicas que expón; que nos vindeiros orzamentos o equipo está disposto a revisar o importe; que non se persegue un obxectivo recadatorio, só disuadir os pagamentos fóra de prazo; que na plataforma se poderían facer máis visibles as consecuencias da falta de pagamento en prazo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 12 de novembro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



A Secretaria Xeral

M^a. Inmaculada Valeije Álvarez